




O Cabaleiro Azul, o Amarelo e o Vermello
acudirán ao castelo da Gran Dragona.
Pero necesita a Princesa que a salven?

**Libro gañador da IX edición do Premio
de Literatura Infantil *Narrating Equality*.**



A princesa máis aló das montañas

Valeria Angela Pisi Francesc Rovira



A princesa máis aló das montañas

Valeria Angela Pisi Francesc Rovira



A princesa máis aló das montañas é o texto gañador da IX edición
do Premio de Literatura Infantil *Narrating Equality*.

O premio, creado pola asociación italiana *Woman to be*, difunde unha literatura
que promove a igualdade e o respecto dunha identidade libre de estereotipos sexistas.



A Anita, princesa máis aló das montañas.

Valeria Angela Pisi

*A miña nai, que nos educou en igualdade,
liberdade e fraternidade.*

Francesc Rovira

A princesa máis aló das montañas

Colección Egalité

© do texto: Valeria Angela Pisi, 2025
© das ilustracións: Francesc Rovira, 2025
© da edición: NubeOcho, 2025
© da tradución: Iria Carballo, 2025
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *La principessa oltre le montagne*

Coordinación Narrating Equality: Maria Grazia Anatra y Miryam Aguirre


Primeira edición: Outubro, 2025

ISBN: 979-13-87834-62-3

Depósito Legal: M-15864-2025

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



Érase unha vez, hai non tanto tempo como poderías pensar,
un remoto reino cun rei desesperado:

—A Gran Dragona ten a Princesa —dixo a todos os seus cabaleiros—.
Quen a salve será recompensado co tesouro do castelo.





O Cabaleiro Azul cabalgou durante todo o día
ata chegar ao castelo da Gran Dragona.

—Princesa, vin para salvarte e levarte co teu pai,
o rei —dixo o Cabaleiro Azul.





—Eu quero quedar aquí! No palacio non me deixan
facer nada e abúrrome —respondeu a Princesa.
—Pero eu vin para salvarte... e voute salvar!
—Non entendes que non quero que me salven?

Cunha chave de karate, a Princesa chimpou
o Cabaleiro Azul máis aló das montañas.



Ao outro dia, o Cabaleiro Amarelo
chegou ao castelo da Gran Dragona.
—Princesa, vin para salvarte! —exclamou.

